



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTECINCO DE MAIO DO ANO DOUS MIL SETE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as vinteun horas do día vinte cinco de maio do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Benito Vázquez Vázquez, da comezo a sesión extraordinaria urxente ó existir quórum suficiente e que contou coa asistencia dos seguintes concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estévez González.
D. José Carlos Pérez Paz
D. Antonio Pérez González
D. Xesús Deibe Fernández Simo.

Actúa como Secretaria a do Concello, Dna. Beatriz Díaz Rodríguez.

Non asisten os concelleiros D. Francisco Veloso González, D. José Álvarez Pereira e D. Juan Manuel Ferreira Ferreira.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os seguintes asuntos que conforman a orde do día:

PUNTO PRIMEIRO: RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Benito Vázquez Vázquez propón ó Pleno o pronunciamento sobre a urxencia do asunto incluído no punto segundo da orde do día do presente Pleno extraordinario urxente, xustificando pola necesidade de acadar unha axilidade e eficacia na xestión municipal

Sometida a ratificación da urxencia a votación, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Vázquez Vázquez, López Álvarez, Paz León, Rodríguez Rodríguez, Estévez González e Pérez Paz (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Pérez González e Fernández Simo (dous votos en contra).



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PUNTO SEGUNDO: RESOLUCIÓN ALEGACIÓN PRESENTADA CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2007 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.

Por parte do Sr. Alcalde, Sr. Vázquez Vázquez, dáse lectura á proposta da Alcaldía sometida a dictame da Comisión Municipal de Facenda e Contas, e dictaminada favorablemente por esta última:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

VISTO o escrito de alegación presentado pola funcionaria deste Concello Dña. Rosa María García González contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal para o ano 2007.

VISTO o informe emitido pola Secretaria-Interventora deste Concello relativo á citada alegación.

PROPOÑO á Comisión Municipal de Facenda e Contas a emisión do dictame sobre os seguintes extremos:

Primeiro: Resolución aceptando a alegación presentada contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2007.

Segundo: Aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio 2007, con arranxo ós estados de ingresos e gastos é as Bases de Execución que constan no expediente de aprobación inicial; incluíndo a aprobación da plantilla do persoal e do réxime retributivo do persoal funcionario deste Concello nos termos sinalados no informe emitido pola Secretaria-Interventora e reflectidos no Anexo que se adxunta ó expediente de resolución da alegación presentada contra o Orzamento Municipal 2007 e aprobación definitiva do mesmo.”

Por parte da Secretaria-Interventora deste Concello, e a petición do Sr. Alcalde, procédese a explicar a alegación presentada contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2007, que consiste basicamente no cálculo incorrecto que se fixo no concepto retributivo do complemento específico sen respectar o disposto na Lei 42/2006, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2007 en canto ó incremento máximo do dous por cento (2%) con respecto ás aprobadas no ano 2006 e o incremento adicional do un por cento (1%) da masa salarial dos funcionarios en servizo activo destinada a aumentar o concepto retributivo do complemento específico. Igualmente faise mención á necesidade de adaptar á realidade o Grupo da praza de Secretaria-Intervención, que aparece configurada na plantilla de persoal como pertencente ó Grupo B, toda vez que a persoa que a ocupa con carácter definitivo pertence ó Grupo A e ten recoñecido un trienio correspondente ó Grupo B. Explícase igualmente que o recoñecemento de trienios acordado en sesión plenaria extraordinaria celebrada en data trece de abril do presente ano ó administrativo informático deste Concello tampouco se reflicte na citada plantilla de persoal. Finaliza a súa exposición indicando que as partidas orzamentarias do proxecto de Orzamento aprobado inicialmente destinadas as retribucións do persoal funcionario deste



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Concello aparecen dotadas con crédito suficiente para atender ó establecido anteriormente, non resultando necesario variar o crédito previsto nas citadas partidas orzamentarias.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que trátase de adaptar ó concepto retributivo do complemento específico dos funcionarios deste Concello ó establecido na Lei e adaptar a plantilla de persoal á realidade resultante da adxudicación con carácter definitivo da praza de Secretaría-Intervención e do acordado no pleno extraordinario celebrado en data trece de abril pasado.

Concedida a palabra ó membro do Grupo Municipal do PSOE presente, Sr. Pérez González, declina facer uso da mesma.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que votou en contra da ratificación da urxencia do presente pleno pola razón de que neste intre estase en período electoral, concretamente a tres horas do día de reflexión, presentándose a aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2007 con retraso. Indica que estase nun momento delicado e que el debería estar agora na cidade de Ourense cerrando a campaña electoral pero que considerou, como a súa obriga, estar presente neste pleno e que non dá resposta a ningún insulto nin provocación feitos nesta semana por outras organizacións políticas porque considera que non fixo nada. Explica que entende a política como ciencia que debe das solucións ós problemas dos veciños e non para facer amiguismos como así fan outros. Continúa a súa exposición sinalando que na convocatoria do presente pleno dícese literalmente “co obxecto de acadar unha axilidade e eficacia na xestión municipal” e que recorda ós membros do Grupo Municipal do PP que o Orzamento do 2007 debería estar aprobado xa a principios do ano. Recoñece que é certo que se avanzou pero que o termo de axilidade e eficacia non é a forma mais afortunada de encabezar ningún tipo de escrito, mais ben as palabras correctas serían ineptitude e ineficacia, pola razón de que durante mais de dez anos non se aprobaron os orzamentos e que parece ser que non dan logro centrar a contabilidade.

O Alcalde-Presidente, Sr Vázquez Vázquez, solicita ó representante do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, que se ciña á orde do día.

Resposta o representante do Grupo Municipal BNG; Sr. Fernández Simo, que está a explicar o encabezamento da convocatoria do presente pleno e recorda que debería celebrarse no mes de decembro pasado. Sinala que lle gustaría destacar que o Orzamento aprobado por maioría absoluta do Grupo Municipal do PP ten unhas partidas orzamentarias mal presentadas. En canto á reclamación, indica que non hai que aumentar o crédito orzamentario do capítulo de persoal, posto que xa estaba previsto, o que é unha mostra de que os orzamentos estaban mal calculados e da labor de desgoberno que se está a realizar. Conclúe a súa exposición sinalando que vai a votar en contra.

Sometido o presente punto a votación, resultou aprobado co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres. Vázquez Vázquez, López Álvarez, Paz León, Rodríguez Rodríguez, Estévez González e Pérez Paz (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Pérez González e Fernández Simo (dous votos en contra).

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as nove horas e vinte minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Benito Vázquez Vázquez

Asdo.: Beatriz Díaz Rodríguez